

## ACTA

En Arzúa, a 27 de outubro de 2015.

Sendo as 11.00 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello, os membros integrantes do Tribunal Cualificador, que cualificara a **proba sobre coñecementos do idioma galego**, de que consta a oposición convocada para poder levar a cabo a contratación laboral temporal a xornada parcial, durante o curso lectivo 2015-2016, de oito profesores de música, para desempeñar o posto de traballo de profesor do Conservatorio profesional de Música e na Escola Municipal de Música de Arzúa, nas seguintes especialidades: Guitarra, Percusión, Piano, Tuba/Trombón, Trompa/Trompeta, Contrabaixo/Violonchelo, Violín/Viola e de Canto; cuxa contratación acordouse a través das Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de agosto de 2015, que foron modificadas por outro acordo adoptado tamén pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 26 do mesmo mes de agosto.

Asisten a dito acto os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

\* Presidente: D. Mateo Arnaiz Rodríguez, profesor de guitarra no Conservatorio profesional de música de A Coruña.

\* Vogais:

- Dona Carmén María Ferreiro Soto, profesora de frauta traveseira no Conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela.

- Don Ricardo Olivet Sorera, músico integrante da Banda Militar de música de Marín na especialidade de tuba.

- Dona Blanca Bello Sobral, profesora de música no Instituto de Educación Secundaria "Francisco Aguiar" de Betanzos.

\* Secretario: Juan Colmenares López-Soldado, secretario do Concello de Arzúa.

Asiste tamén, como asesor do Tribunal Cualificador, designado por decreto do alcalde ditado o día 22 de outubro de 2015, don Xosé Ramón Fernández Vázquez, funcionario da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, que realiza as súas funcións como profesor de lingua galega no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa, e que posúe o título de licenciado en Ciencias da Educación.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, -de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, dispoñendo seguidamente que se ía proceder a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego, cuxo exercicio consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal Cualificador, co asesoramento do profesor de lingua galega Sr. Fernández Vázquez.

Deseguido o asesor, Sr. Fernández Vázquez concretou co Tribunal Cualificador o texto en galego que terían que traducir os catro aspirantes que compareceron a realizar este exercicio, cuxo texto se xunta a esta acta.

Dito texto quedou transcrito nun folio, do cal se fixo unha fotocopia para entregala aos catro aspirantes.

Unha vez entregado o folio que contén dito texto en castelán; así como outro folio en branco para reflectir no mesmo a traducción do referido texto; fixose saber aos aspirantes:

a) Que deberían asinar os dous folios entregados (tanto o que contén o texto en castelán, como o folio en branco onde terían que reflectir a súa traducción en galego, sen axuda do dicionario).

b) Que dispoñían de trinta minutos, desde as 11.20 horas ata as 11.50 horas, para realizar esa traducción deste texto ao galego.

c) Que o exercicio que realizasen sería cualificado como “apto” ou “non apto”, sendo necesario obter a cualificación de “apto” para superalo.

Transcorrido o prazo dos trinta minutos, recolléronse os exercicios realizados e procedeuse a súa corrección polo asesor do Tribunal Cualificador, don Xosé Ramón Fernández Vázquez; outorgándose -por unanimidade dos catro membros con dereito a voto de dito tribunal cualificador- as cualificacións seguintes:

Apelidos e nome	Puntuación.
1. Agulló Albors, Germán (percusión)	Apto
2. Fernández Soto, Iván (piano)	Apto
3. Gestal Rey, Moisés (violín/viola)	Apto
4. Gómez Ladrón de Guevara, Elena (violín/viola)	Apto

En consecuencia con todo o exposto, e resultando que conforme se dispón na Base Sexta punto 3, das que rixen este proceso de selección, a cualificación final de cada aspirante virá determinada pola suma da puntuación correspondente ás probas teórica e práctica, de que consta a oposición, pero tendo en conta que a proba terceira -sobre coñecemento do idioma galego- terá carácter eliminatorio.

O Tribunal Cualificador -por unanimidade dos catro membros con dereito a voto- adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.- Elevar a definitiva a proposta inicial** de contratación, formulada polo mesmo Tribunal Cualificador na sesión celebrada o día 21 de outubro, (con motivo da cualificación da proba práctica da oposición), a favor dos aspirantes que figuraban naquela proposta de contratación inicial; que serían os seguintes.

1.- Na especialidade de guitarra .....D. **Franciso Javier Loureiro Buján**

2.- Na especialidade de percusión .....D. **Germán Agulló Albors**

3.- Na especialidade de tuba/trombón ..... D. **Rubén González Castro**

4.- Na especialidade de trompa/trompeta ...D. **Santiago Gómez Fuentes**

5.- Na especialidade de contrabaixo/violonchelo...D. **José Manuel Canosa**

**Carballo.**

6.- Na especialidade de violín/viola .....D<sup>a</sup>. **Elena Gómez Ladrón de Guevara.**

7.- Na especialidade de canto .....D<sup>a</sup>. **Montserrat Exposito Cao.**

E iso, por canto que os aspirantes Germán Agulló Albors e Elena Gómez Ladrón de Guevara, que compareceron no día de hoxe a realizar o exercicio sobre coñecementos do idioma galego, obtiveron a cualificación de apto.

**Segundo.**- Concretar que ao obter nesta proba (sobre coñecementos do idioma galego) a cualificación de apto, o aspirante na especialidade de piano Ivan Fernández Soto, e manterse por tanto o resultado de empate co aspirante Carlos Fernández García, se convoca a ambos para que comparezan o vindeiro martes día 3 de novembro, as 10.30 horas, no Salón de Comisións da Casa do Concello, co obxecto de resolver dito empate a favor do aspirante que obteña a maior puntuación na entrevista que realizaran, conforme se establece na Base Sexta nº 4 das que rixen este proceso de selección.

**Terceiro.**- Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web dun exemplar desta acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo de prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte a publicación desta acta), co obxecto de que os sete aspirantes agora propostos polo Tribunal Cualificador poidan presentar a documentación esixida n Base Octava das que rixen a oposición, como trámite previo para poder subscribir os correspondentes contratos laborais cos mesmos.

Co cal douse por rematado o acto, as 12.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros do Tribunal Cualificador, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.

